

MESA SECTORIAL DO DÍA 25 DE MAIO DE 2022

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS O 27 DE ABRIL E 5 DE MAIO.

Apróbanse as actas da sesións referidas unha vez feitas as alegacións por parte das Organizacións Sindicais.

Acordouse tratar os seguintes tres puntos da orde do día de xeito conxunto.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DO DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORGANIZACIÓN E O CURRÍCULO DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DO DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE O CURRÍCULO DO ÁMBITO DE COMUNICACIÓN EN CIENCIAS SOCIAIS E DO ÁMBITO DE CIENCIAS APLICADAS DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO BÁSICO DE FORMACIÓN PROFESIONAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ANTEPROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN E O CURRÍCULO DO BACHARELATO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

ANPE Galicia amosa o seu rexeitamento aos documentos presentados pola Consellería de Educación por terse impedido unha negociación real e efectiva dos mesmos, que permita a introdución das emendas presentadas. A urxencia dos procedementos non pode impedir a participación dos lexítimos representantes do profesorado.

Insistimos tamén en denunciar a situación de caos total no Ministerio de Educación, xa que non é de recibo que teñamos que estar negociando a estas alturas currículos que deben ser aplicados xa a principios do curso que ven en certos niveis. Fraco favor se lle fai á Educación con tantos cambios nas leis educativas sen que sexamos capaces de acadar un consenso político no ámbito educativo que dote de estabilidade normativa ao ensino.

ANPE Galicia considera que se ten perdido unha magnífica oportunidade de ter establecido un debate serio e razoado sobre as materias e a súa carga horaria. Temos recibido escritos, e somos conscientes de que tamén os recibiu a Administración, de diferentes colectivos afectados pola redución de carga lectiva ou a supresión/modificación de materias. Desde a presentación pública dos currículos educativos de Galicia os diferentes colectivos que se ven afectados pola perda de carga horaria están facendo chegar as súas reivindicacións (profesorado de música, de debuxo, de lingua estranxeira, de economía, de relixión, etc....) e desde ANPE queremos facernos eco de ditas reivindicacións para darlle traslado á Administración.

Por outra banda, sen dotación de medios e recursos os cambios que se presentan non van a ter éxito. Sen falar de redución de rateos, de redución de horario lectivo, de autorización de desdobres, potenciar a acción titorial, redución da carga burocrática, etc todo isto non ten sentido. Facemos fincapé na potenciación da figura da titoría, especialmente na ESO, e o recoñecemento da figura do profesorado titor nos diferentes concursos de méritos. Desde ANPE Galicia demandamos o establecemento dun plan e protocolo específico para abordar os problemas derivados da saúde mental para o alumando e o profesorado.

Se ben non nos opoñemos a implantación de aplicacións informáticas que poidan facilitar a excesiva tramitación burocrática, si nos creou certo desconcerto que no manual da futura aplicación de elaboración de programacións didácticas colgado no portal da Consellería se empreguen termos que non

figuran nos decretos, como pode ser os estándares de aprendizaxe. **A Administración indica que se trata dun manual do ano 2017 que xa foi retirado do portal e que se está a utilizar como base de traballo para a elaboración dunha aplicación actualizada.**

Entrando en cuestións concretas do articulado dos anteproxectos:

- Con respecto ao **artigo 7**, no apartado a) referido aos obxectivos de etapa ANPE considera que debe substituírse “prepararse para o exercicio da cidadanía democrática” por “aberta e democrática”, así como engadir no apartado c) “así como calquera manifestación de violencia contra a muller”. Este achega sería extensible ao artigo 7.b do decreto de Bacharelato. No apartado j) ANPE propón engadir ao coñecemento do patrimonio artístico e cultural o xeográfico, natural, social e lingüístico. Do mesmo xeito propoñemos a inclusión dun apartado m) no seguinte sentido “Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento da sociedade, en especial os relativos aos dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns e adoptar xuízos de e actitudes persoais respecto a eles.
- ANPE rexeita a limitación na oferta das materias optativas, polo que para o **artigo 9** relativo á organización dos tres primeiros cursos solicitamos a supresión do texto “ só se poderá limitar a elección destas materias por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación”, que consideramos debería ser substituído polo seguinte: “Os centros docentes deberán ofrecer a totalidade das materias optativas citadas no punto 3.1).
- Con respecto ao **artigo 10** sobre a organización do cuarto curso propónse a supresión do punto 4 e a inclusión dun novo texto “Os centros docentes deberán ofrecer a totalidade das materias de opción citadas no punto 1.g) e 1.h). Nese mesmo artigo ANPE propón a supresión do texto:” Só se poderá limitar a elección de materias por parte do alumnado cando haxa un número insuficiente deste para algunha das materias ou itinerarios, segundo os criterios que determine a consellería con competencias en materia de educación.
- Desde ANPE Galicia amosamos o **noso rexeitamento ao establecido no artigo 12 que establece o reparto horario de cada unha das materias dos distintos cursos** establecidos no anexo IV. Desde ANPE estamos totalmente en contra do reparto da carga horaria das distintas materias que a Administración Educativa reflexa neste documento e solicitamos unha negociación real e efectiva do reparto de carga horaria das materias a impartir na ESO.
- A disposición adicional 5 establece a atribución docente das materias optativas. No referente a educación dixital consideramos que débense atribuír en primeiro lugar ao profesorado de informática, tecnoloxía e matemáticas e, en caso de necesidade, ao profesorado que acredite un nivel B2 no marco de referencia da competencia dixital. Tamén solicitamos información sobre como se vai obter esa certificación. Esta solicitude facémola extensible a o bacharelato. **A Administración realizará un proceso de acreditación de competencias dixitais, voluntario para o profesorado, que establecerá os niveis de competencias. Este procedemento está pendente de desenvolvemento normativo.**
- A **disposición adicional sétima** establece que o calendario escolar comprenderá un mínimo de 175 días lectivos. Desde ANPE Galicia **solicitamos establecer un máximo de 175 días lectivos.**

Ante a negativa da Administración a establecer unha negociación real, **ANPE presentou no Consello Escolar de Galicia emenda a totalidade do anteproxecto que establece o currículo da ESO** por NON ter tido a oportunidade de debater en profundidade o mesmo, dándose a paradoxa de ter que enviar as emendas ao Proxecto antes do seu debate en Mesa Sectorial, impedindo que as modificacións aí acordadas se trasladasen a este Órgano como é norma habitual.

Destacar que estamos totalmente en contra do reparto da carga horaria das distintas materias que a Administración Educativa recolle neste documento no seu anexo IV e solicitamos unha negociación real e efectiva do reparto da carga e distribución horaria das materias a impartir na ESO.

A administración indica que presenta o anteproxecto relativo aos graos básicos da FP como medida de seguridade xurídica, ante o atraso na publicación do Real Decreto por parte do Ministerio de Educación. Así mesmo amosa a vontade de adaptar este decreto á normativa estatal, unha vez sexa esta publicada.

Desde ANPE Galicia entendemos que se trata dunha normativa transitoria.

En relación ao establecemento das materias optativas na ESO a Administración Educativa indica que neste momento se considerou oportuno completar unicamente con tres materias a oferta que xa ven establecida na normativa estatal, se ben se valorará a inclusión de novas materias en próximos cursos.

As materias optativas no Bacharelato figuran no artigo 10.7. Esas serán as materias que se impartirán no próximo curso se ben desde a Consellería estase a valorar as diferentes propostas recibidas e analizando a súa xustificación, sen pecharse a inclusión de novas materias que permitan a elaboración de itinerarios formativos. Estas posibles incorporacións serán publicadas nunha orde específica.

Desde ANPE Galicia solicitamos aclaracións sobre cal será a rede de centros que impartirán a modalidade xeral de bacharelato e cales foron os criterios empregados para establecela.

A Consellería non ten unha convicción de que esta nova modalidade sexa unha achega positiva, polo que non o tratará como prioritario. Todos os centros teñen dúas ou tres modalidades de bacharelato que son as que seguirán e ofertarase esta nova modalidade en 36 centros como complemento as modalidades establecidas.

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- ANPE Galicia solicita que non se obrigue aos centros educativos ao cambio dos libros de texto para o vindeiro curso escolar para non xerar máis caos á situación actual.
- ANPE Galicia demanda, ante a proxima convocatoria do CADP, o establecemento dunha regulación clara sobre as materias afíns que evite situacións de difícil xustificación vividas en cursos anteriores. **A Administración resposta que é inminente.**
- ANPE Galicia demanda coñecer como está a situación dos novos ROC. **A administración resalta que os ROC están moi avanzados pero estase a priorizar outros procedementos de cara a inicios do próximo curso.**
- ANPE solicita que debe recollese a potenciación da figura do profesorado titor e o seu recoñecemento administrativo e económico.
- Demandamos que se restitúan as licenzas por formación.
- ANPE Galicia insiste en que o calendario escolar debe recoller un máximo de 175 días lectivos.